

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Durante o curso levaremos a cabo os seguintes ítems e/ou ferramentas que nos permitan unha avaliación inicial, contínua e final do noso alumnado

**Os criterios que seguiremos á hora de avaliar son os seguintes:**

### Suposto presencial 100%

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	% CUALIFICACIÓN
<ul style="list-style-type: none"><li>• Observación diaria na aula</li><li>• Ten capacidade crítica? Fai unha análise antes de facer comentarios.</li><li>• Contesta e participa con coherencia das explicacións e dos contidos traballados.</li></ul>	30%
<ul style="list-style-type: none"><li>• Realización de probas escritas (exames, nunca máis de 2 por avaliación) onde avaliaremos a adquisición dos contidos traballados</li></ul>	40%
<ul style="list-style-type: none"><li>• Entrega a tempo as tarefas dixitais solicitadas (máx 4 por mes) (10%)</li><li>• Manexo correcto do ordenador para buscar información e facer os traballos solicitados. (10%)</li><li>• Boa presentación e calidade das presentacións e traballos dixitais. (10%)</li></ul>	30%

### **Suposto Confinamento:**

No caso de haber un confinamento do grupo-clase, teremos en conta os criterios do **Suposto Presencial 100%** ata o día anterior ao primeiro día de confinamento e, unha vez comezado este:

Levaremos a cabo un ensino dixital desde a **Aula Virtual do CPI Armando Cotarelo Valledor**, onde colgaremos tódalas actividades que serán elaboradas online polo alumnado.

### **Actividades Dixitais:**

- 1- Elaboraremos un número determinado de actividades (a negociar dependendo do traballo doutras materias para non saturar na casa) por mes (entre 2 e 4, máximo 1 por semana) que serán avaliadas de 1 a 10 puntos.
- 2- Serán publicadas e terán data de entrega. De non seren entregadas a tempo, o exercicio terá un 0.
- 3- Faremos nota media aritméticas de todas as actividades feitas.
- 4- Para acadar a nota media conseguida deberán terse entregado o entre o 85-100% das actividades. A nota final estará comprendida entre 7 e 10 de estar ben feitas e entre 1 e 6 no caso de non estar correctamente realizadas.
- 5- Se se entregan entre un 75-85% a nota máxima que se poderá acadar será de 7 puntos e mínimo de 1 (se non están ben feitas).
- 6- De entregar menos do 75% das tarefas propostas a nota final estará comprendida entre o 1 e o 5 en función de como estiveses feitas as actividades.
- 7- Os pais e nais estarán en todo momento informados e se lles prestará toda a axuda que precisen, pois pode haber casos no que as dificultades tecnolóxicas impidan un normal funcionamento das actividades. Neste caso, actuaremos en consecuencia e sempre tendo en conta cada situación particular e as súas circunstancias, sempre **en prol do alumnado**.

- 8- De non poder facer uso da tecnoloxía porque esta non chegase a casa dalgún alumno en particular, verémonos na obriga de traballar con fichas que se lle farán chegar a casa e serán enviadas ao mestre vía Whatsapp, correo electrónico ou o medio estipulado entre os pais e o profesor para a súa corrección e avaliación.

### **Suposto: Confinamentos temporais:**

Pode darse o caso de alumnado que ten que facer corentenas, ben por ser positivos en Covid-19 ou ben por precaución. Neste caso, faremos unha **mestura dos supostos 100% presencial e Confinamento**.

Avaliaremos ao alumno en función do que levase feito na aula( de forma presencial) e continuaremos a avaliación de forma dixital como explicamos anteriormente no **suposto confinamento**. Tentaremos equilibrar as porcentaxes e ser o máis xustos posibles cos alumnos. Pois non é o mesmo que a persoa estea confinada sufrindo a doenza a non ter síntomas. Deste xeito, iremos actuando en función dos acontecementos.

### **Ferramentas de Avaliación:**

- 1- Observación diaria.**
- 2- Análise do traballo da casa cando se manden tarefas.**
- 3- O traballo na aula.**
- 4- Como elabora e presenta o traballo realizado.**

### **Importante:**

A nota que se acada en cada avaliación responde da obtida da **táboa do suposto 1** e no caso de confinamentos, queda especificado o valor das actividades en cada suposto. A **nota final, será a nota aritmética das 3 avaliacións**.

Cando o nota media final acabe en decimal entre .50 e .99, porase o enteiro superior seguinte. De estar entre 0.1 e 0,49 manterase o enteiro.

Exemplo 1: Nota media:  $5+6+5=16/3= 5,33$  Nota final= 5

Exemplo 2: Nota Media:  $6+7+7=20/3=6,66$  Nota Final= 7

## **Avaliación Negativa**

Entenderemos que a avaliación é negativa cando a nota media das tres avaliacións sexa inferior a 5, sendo considerada suspensa. Suspende unha avaliación non implica suspender o curso académico. Unha avaliación suspensa enténdese superada se a seguinte avaliación estivese aprobada.

Se a avaliación suspensa é a terceira, farase nota media das tres avaliacións, de conseguir menos de 5, enténdese que o curso non está superado.

En educación primaria, se a media das tres avaliacións resultase 4,5 deberemos redondear ata o 5, resultando aprobada.

## **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Para a materia de **Ciencias da Natureza** serán os seguintes:

- Coñecer os diferentes órganos do corpo humano e a súa relación básica cos hábitos saudables.
- Recoñecemento e explicación dos cambios físicos das materias.
- Identifica e explica diferentes formas de enerxía: mecánica, luminosa, sonora, eléctrica, térmica e química.
- Coñece os avances da ciencia no fogar e na vida cotiá (electrodomésticos, alimentos, residuos, fibras téxtiles...), na cultura e no ocio, na arte (pinturas e colorantes), na música, no cine e no deporte.
- Presenta os traballos de xeito ordenado, claro e limpo, en soporte papel e dixital.
- Conseguir como mínimo aqueles estándares de aprendizaxe cuxas porcentaxes de peso específico sexa do 100% e un 50% dos obxectivos específicos da materia, especificados no apartado 3.1 desta programación.

De non acadalos, a materia deberá ser suspendida, é dicir, acadar unha avaliación final suspensa.

### **Recuperación de materias pendientes:**

Se ao inicio do curso nos atopamos con un alumno/-a que teña Ciencias da Natureza suspenso do curso anterior, entenderase superado ese curso suspenso sempre que supere 2 avaliacións do curso que estea a desenvolver.

Exemplo:

Se un rapaz ou rapaza con 5º de primaria suspenso aproba:

- 1- a primeira e segunda avaliacións de 6º
- 2- a segunda e a terceira avaliacións de 6º ou
- 3- a primeira e a terceira avaliacións de 6º,

darase por superado o quinto curso que tiña pendente.